

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

ORDE do 27 de xullo de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2012.

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, a Comunidade Autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación e, a través do Decreto 1/2012, do 3 de xaneiro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e polo Decreto 13/2012, do 4 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e mailo Decreto 109/2012, do 22 de marzo, polo que se establece a súa estrutura orgánica, a Consellería de Traballo e Benestar asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Corresponde pois, a esta consellería para o exercicio de 2012, a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego, entre as cales están as medidas dirixidas a incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, mellorando as condicións do mercado de traballo, no marco da Estratexia europea para o emprego, do Programa nacional de reformas, da recentemente aprobada Estratexia española de emprego, do Plan estratéxico de Galicia 2010-2014 Horizonte 2020 (PEG) e no eido da colaboración institucional e o diálogo social en curso entre o goberno galego e os axentes económicos e sociais de Galicia.

As recomendacións da UE en materia de emprego diríxense a que os Estados membros deben descentralizar a xestión das políticas de emprego, de forma que estas se acheguen e adecuen ás necesidades concretas de cada territorio e á realidade do mercado de traballo local co fin de lograr unha estratexia de acción común. Estas directrices poñen especial fincapé na importancia da creación de postos de traballo a nivel local desde a perspectiva de que existen novos viveiros de emprego susceptibles de xerar novos postos de traballo, sendo no ámbito local onde se atopan as maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do emprego.

A publicación da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, supón a plasmación dun importante esforzo no control do gasto co fin de reducir o

déficit público e acadar o obxectivo de estabilidade orzamentaria, cun axuste de 27.300 millóns de euros.

Este importante axuste supón unha redución media de case o 17 por cento na capacidade de gasto dos ministerios e, no caso das políticas activas de emprego implica a redución de 1.557 millóns de euros para este exercicio no conxunto do Estado, tanto para o Servicio Público de Emprego Estatal como para os autonómicos.

O momento da aprobación da Lei de orzamentos do Estado e a citada redución de fondos en materia de políticas activas de emprego, aconsellan, cando menos para este exercicio, realizar unha profunda revisión dos programas mixtos de formación e emprego tal e como son concibidos na normativa estatal e a implementación, en e para Galicia, dun novo programa autonómico adaptado ao momento actual e aos requirimentos específicos da realidade do noso mercado laboral, máis flexible e áxil que facilite a súa xestión dada a altura do exercicio en que nos atopamos.

Esta nova regulamentación autonómica é posible á vista do novo enfoque que deu ao deseño e á xestión das políticas activas de emprego o número 2 da disposición derradeira décimosegunda da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, da cal resulta que as comunidades autónomas están habilitadas para deseño e execución de novos programas e medidas de políticas activas de emprego adaptadas ás peculiaridades e características dos seus mercados de traballo locais.

Así, no actual contexto de crise e recesión económica a sociedade exige dos poderes públicos a adopción de medidas efectivas e eficientes que coadruen a paliar os efectos e a reducir o desemprego, sobretudo das persoas con especiais dificultades de inserción; por esta razón, mantendo os elementos nucleares que caracterizan orixinariamente os programas mixtos de formación e emprego e, co obxecto de non defraudar esas expectativas, na presente regulación establécese un programa autonómico de obradoiros de emprego segundo o cal se aprobarán, exclusivamente, proxectos de seis meses de duración, introducíndose unha serie de modificacións e adaptacións tendentes ao mesmo tempo a reducir os custos dos proxectos e a posibilitar o acceso dun maior número de persoas desempregadas beneficiarias, mantendo a filosofía de aprender traballando, isto é recibir unha formación profesional para o emprego acreditable e certificable ao mesmo tempo que se realiza un traballo real e produtivo, configurándose así un novo programa autonómico nesta materia, incluído no Plan anual de política de emprego (PAPE) para 2012, aprobado polo Consello de Ministros na súa reunión do 6 de xullo de 2012.

Estes obradoiros de emprego concíbense como programas mixtos de formación e emprego que, promovidos por entidades locais, están dirixidos a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de vinte e cinco ou máis anos de idade, a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social.

Noutra orde de cousas, esta orde dá un paso máis na senda iniciada na regulación dos programas de cooperación con entidades locais e no programa de orientación laboral para este exercicio de 2012, onde se priman aqueles concellos que coordinen as súas solicitudes e compartan ou mancomunen obras ou servizos. A regulación dos obradoiros de emprego vai máis aló, converte ese criterio de preferencia nun requisito de acceso para aqueles concellos pequenos que non cheguen ao número de cincocentas persoas desempregadas no seu ámbito territorial en 31 de decembro de 2011, e necesariamente deberán «asociarse ou coordinarse» con outros concellos limítrofes para poder acceder ás axudas para a posta en funcionamento dun obradoiro de emprego.

Esta convocatoria axústase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento e, en concreto, no relativo aos principios de concorrencia, publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación na concesión das axudas.

Así mesmo, e co motivo de acadar a máxima optimización dos fondos destinados ás políticas activas de emprego, procédese ao establecemento dunha vinculación efectiva entre os programas mixtos de formación e emprego, concibidos como liñas de fomento da empregabilidade e a consecución dun emprego con posterioridade ao desenvolvemento destes, procurando unha maior implicación e compromiso dos concellos na consecución da posterior inserción laboral das persoas desempregadas que se contraten con cargo a estes programas.

Nesta convocatoria de 2012, a distribución provincial de créditos para o financiamento destes programas realizarase tendo en conta o número de persoas paradas e a evolución do paro rexistrado no período 2007-2011 e a evolución da poboación no citado período, e terase en conta, ademais, en coherencia cos programas Impulsa de Lugo e Ourense, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, o necesario equilibrio e solidariedade con aqueles territorios máis desfavorecidos.

O financiamento das axudas e subvencións previstas nesta orde, realizarase con cargo aos créditos da aplicación 12.04.322A.460.2 (código de proxecto 2012 00 660) da Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012 por un importe de 8.000.000 euros. Para o exercicio de 2013, as subvencións financiaranse con cargo á mesma aplicación polo importe de 2.500.000 euros.

Finalmente, cómpre subliñar que parte das axudas reguladas nesta orde, poderán estar cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa operativo adaptabilidade e emprego PO 2007 ES 05U PO 001, para o período 2007-2013, e que as entidades se deberán someter ao cumprimento das obrigas relacionadas coas medidas de publicidade impostas polo Regulamento da Comisión (CE) número 1828/2006, do 8 de decembro.

En consecuencia, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo de informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación e Fondos, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, da Intervención Xeral e autorizada polo Consello da Xunta de Galicia, na súa sesión do 19 de xullo de 2012, a concesión de anticipos, a forma de pagamento das axudas e subvencións reguladas nesta orde así como o seu carácter plurianual e no exercicio das facultades que teño conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e tendo en conta as regras establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Obxecto, definición e persoas beneficiarias

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras, así como a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para o ano 2012, das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Os obradoiros de emprego configúranse como programa mixto de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de vinte e cinco ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos

de interese xeral e social que posibiliten aos alumnos e alumnas participantes a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co dito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

3. A programación dos obradoiros de emprego integrarase, na medida do posible e conforme os itinerarios de inserción profesional que se definan, en proxectos que dean resposta ás demandas do mercado de traballo e sexan capaces de activar o desenvolvemento territorial, xerar riqueza e, consecuentemente, crear postos de traballo.

Artigo 2. *Persoas beneficiarias participantes*

1. Poderán ser persoas beneficiarias participantes neste programa aquelas que, estando desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, teñan unha idade igual ou superior aos vinte e cinco anos.

2. Para poder participar neste programa é imprescindible cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe, co obxecto de estar vinculada mediante un contrato de tales características ao obradoiro de emprego, durante toda a duración da etapa de formación en alternancia, de acordo co previsto no artigo 11. 2 e na disposición adicional décimo novena do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, na redacción dada a este pola Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

Artigo 3. *Beneficiarias da subvención: entidades promotoras*

1. Os proxectos de obradoiros de emprego poden ser promovidos por:

a) Entidades locais e os seus organismos autónomos ou entidades que exerzan as competencias daquelas en materia de promoción do emprego ou de formación, dependentes ou asimiladas a elas, cuxa titularidade corresponda integramente ás ditas entidades locais.

b) Os consorcios locais previstos no artigo 149 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

2. As entidades promotoras deberán ser competentes para a execución das correspondentes obras ou servizos e dispoñer da capacidade técnica e de xestión suficiente para a realización dos proxectos e, ademais, deberán ter un número mínimo de 500 persoas

desempregadas no seu ámbito territorial de acordo coas estatísticas oficiais da Consellería de Traballo e Benestar de paro rexistrado en 31 de decembro de 2011.

Este requisito do número mínimo de persoas desempregadas non será de aplicación cando a solicitude ou as actuacións previstas no proxecto engloben, cando menos tres concellos limítrofes.

3. As entidades promotoras deberán asumir o compromiso de procurar a inserción laboral posterior de polo menos o dez por cento das persoas desempregadas participantes nos proxectos. Considerarase que a inserción laboral se acadará cando a persoa desempregada participante no programa sexa contratada como traballador ou traballadora por conta allea por unha duración non inferior a seis meses ou se acredite a súa constitución en traballadores ou traballadoras autónomos ou por conta propia polo mesmo período.

4. Non poderán ser beneficiarias as entidades que estean incursas nalguna das circunstancias establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4. *Etapas e duración*

1. Os obradoiros de emprego terán unha duración de seis meses, así como unha única etapa de formación en alternancia co traballo ou a práctica profesional, que tamén estará dirixida á aprendizaxe, cualificación e adquisición de experiencia profesional.

2. Transcorrido o prazo de duración previsto na resolución de aprobación do proxecto, o obradoiro de emprego considerase finalizado.

CAPÍTULO II

Contidos formativos

Artigo 5. *Formación e etapa en alternancia nos obradoiros de emprego*

1. Durante o desenvolvemento do obradoiro de emprego, os alumnos e alumnas recibirán formación profesional para o emprego, segundo o plan formativo incluído na memoria exixida no artigo 16.2 c) desta orde, alternándoa coa práctica profesional. A formación adecuarase, na medida do posible e en función do oficio ou posto de traballo que se vai desempeñar, aos contidos mínimos establecidos nos reais decretos que regulen os certificados de profesionalidade das correspondentes ocupacións, de acordo co establecido no

número 1 do artigo 11 do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

2. Desde o inicio da súa participación no obradoiro de emprego, o alumnado-traballador será contratado pola entidade promotora na modalidade do contrato para a formación e aprendizaxe, polo que deberá reunir, para formalizar o dito contrato, os requisitos a que alude o artigo 11.2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, segundo a redacción dada pola Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

3. Durante esta etapa os alumnos e alumnas percibirán as retribucións salariais que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa aplicable e nesta orde.

4. A duración dos contratos de traballo subscritos co alumnado-traballador non poderá exceder a data de remate do obradoiro de emprego.

Artigo 6. *Formación complementaria*

1. Nos proxectos de obradoiros de emprego impartirase a formación complementaria que determine o Servizo Público de Emprego e incluíranse, en todo caso, as materias de alfabetización informática, sensibilización ambiental e sensibilización en igualdade de xénero.

2. Todos os alumnos e alumnas que non posúan unha formación mínima para poder cursar con aproveitamento os diferentes módulos formativos da súa especialidade, deberán cursar o módulo de competencias clave. A superación do dito módulo é obrigatorio para poder acadar o correspondente certificado de profesionalidade.

3. En todos os proxectos impartirase a formación en materia de prevención de riscos laborais correspondente á ocupación que se vai desempeñar, e teranse en conta, se é o caso, os contidos recollidos no correspondente certificado de profesionalidade.

4. O contido dos ditos módulos incluírase dentro do plan formativo exigido no artigo 16.2 c) desta orde, de acordo cos contidos e tempo de impartición que, se é o caso, estableza a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, e respectarase o disposto no artigo 33 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Artigo 7. Orientación, información profesional, formación empresarial e asistencia técnica

1. O alumnado-traballador, durante todo o proceso formativo, recibirá orientación, asesoramento e información profesional e formación empresarial, para o cal os obradoiros de emprego deberán contar co persoal e métodos adecuados.

2. Ao remate da actividade do obradoiro de emprego, as entidades promotoras prestarán asistencia técnica ao alumnado-traballador participante, tanto para a busca de emprego por conta allea como para o establecemento por conta propia. Para iso actuarán, se é o caso, mediante as súas propias unidades ou organismos de orientación e asesoramento, en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar. No caso de existiren iniciativas emprendedoras de autoemprego, poderase promover a súa inclusión en viveiros de empresas ou en actuacións similares. Con esta finalidade, as entidades promotoras poderán solicitar á antedita consellería e a outras administracións públicas as axudas establecidas para os distintos programas de apoio á creación de emprego.

Artigo 8. Educación básica

1. Para o alumnado-traballador participante que non acadase os obxectivos da educación secundaria obrigatoria, previstos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e de conformidade co disposto no artigo 11.2 letra d) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, organizaranse programas específicos coa finalidade de proporcionarlles unha formación básica e profesional que lles permita incorporarse á vida activa ou proseguir os seus estudos nas distintas ensinanzas reguladas na antedita lei orgánica e, especialmente, mediante as probas de acceso correspondentes.

2. O disposto no parágrafo anterior tamén será aplicable ás persoas que non posúan o título de graduado escolar, por ter este os mesmos efectos profesionais que o de graduado en educación secundaria, segundo establece a disposición adicional trixésimo primeira da referida lei orgánica.

Artigo 9. Certificacións e diplomas

1. Finalizada a súa participación no obradoiro de emprego os alumnos e alumnas recibirán un certificado, expedido pola entidade promotora, nos termos recollidos no artigo 11.2 letra e) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no modelo que para o efecto estableza a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, en que constará a duración en horas da súa participación no programa, así como o nivel de formación teórico-práctica adquirido e os módulos formativos cursados.

2. Este certificado poderá servir, total ou parcialmente, se é o caso, e logo dos requisitos que se determinen, para ser validado no seu momento polo certificado de profesionalidade previsto no Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

3. A Consellería de Traballo e Benestar concederalles aos alumnos e alumnas uns diplomas en que se recollerá a duración da súa participación no proxecto, de conformidade co modelo e as instrucións que estableza a Dirección Xeral de Promoción do Emprego.

CAPÍTULO III

Selección e contratación

Artigo 10. *Normas xerais: grupo de traballo mixto*

1. A selección do alumnado-traballador, así como a do persoal directivo, docente e de apoio participante no proxecto que se vai poñer en funcionamento, será realizada por un grupo de traballo mixto constituído para tal fin por representantes da Consellería de Traballo e Benestar e da entidade promotora. A presidencia do grupo de traballo mixto recaerá na persoa representante da consellería que para o efecto sexa designada pola respectiva xefatura territorial.

2. A este grupo corresponderalle establecer os criterios de selección de todo o persoal e alumnado-traballador do obradoiro de emprego, de acordo co previsto nesta orde e nas instrucións e circulares da Dirección Xeral de Promoción do Emprego que a desenvolvan, procurando a maior adaptabilidade das persoas seleccionadas ás ocupacións e ás particulares circunstancias de dificultade destas.

3. Rematados os procedementos de selección, o grupo de traballo preparará a relación das persoas seleccionadas como beneficiarias participantes, persoal directivo, docente e de apoio, elaborando unha acta, por duplicado exemplar, de todo o actuado e remitiralle un exemplar á entidade promotora para o seu cumprimento e outro á xefatura territorial da consellería.

Artigo 11. *Procedemento de selección do alumnado-traballador*

1. Para a selección do alumnado-traballador, o grupo de traballo mixto determinará o perfil das persoas candidatas, os baremos e probas que poidan aplicarse, se é o caso, e os

requisitos mínimos que aquelas deben cumprir, con suxeición ao previsto nos parágrafos seguintes.

2. En todo caso, a selección irá precedida da tramitación de oferta de emprego ou actividade pola correspondente oficina de emprego, e esta deberá observar, como requisitos mínimos que deben cumprir as persoas candidatas preseleccionadas, os seguintes:

a) Ter vinte e cinco ou máis anos de idade.

b) Estar desempregadas, entendéndose nesta situación as persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.

c) Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 desta orde.

3. Terán preferencia para participar nestes proxectos as persoas que, reunindo os requisitos xerais antes establecidos e, se é o caso, tendo previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como: as persoas mozas menores de trinta anos, as mulleres en xeral, as mulleres vítimas de violencia, o persoal traballador que esgotou as prestacións e subsidios por desemprego, as persoas paradas de longa duración, as persoas maiores de corenta e cinco anos e menores de cincuenta e cinco, as persoas que carecen de títulos universitarios e de F.P. de grao superior, as persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos e as persoas pertencentes a outros colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente, as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

4. O grupo de traballo mixto practicará a selección de entre as relacións de persoas desempregadas confeccionadas pola oficina de emprego que deberán conter, no posible, tres persoas candidatas por posto.

5. Os alumnos e alumnas que se seleccionen deberán manter o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto.

Artigo 12. Procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio

1. Na selección do persoal directivo, docente e de apoio, o grupo de traballo mixto establecerá o procedemento selectivo, e poderá utilizar oferta de emprego tramitada pola oficina de emprego, convocatoria pública ou ambas.

2. Así mesmo, corresponderalle ao grupo de traballo mixto determinar o perfil, as características e os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas, elaborar as convocatorias, establecer os baremos e, se é o caso, as probas que poidan aplicarse, preparar as ofertas de emprego que se tramitarán á oficina de emprego, se proceder. Así mesmo, encargarse de difundir as convocatorias a través dos medios de comunicación que se determinen.

3. A selección definitiva deberase realizar entre as persoas preseleccionadas pola oficina de emprego e as solicitudes presentadas á convocatoria pública, se é o caso, debendo considerar, na medida do posible, tres candidatos ou candidatas por posto.

Artigo 13. Contratación dos participantes

1. As persoas seleccionadas como alumnado-traballador serán contratadas, pola entidade promotora, desde a súa incorporación ao proxecto.

2. A entidade promotora contratará o persoal directivo, docente e de apoio que fose seleccionado e figure como tal nas actas do grupo de traballo mixto.

3. Os contratos de traballo formalizaranse por escrito no modelo oficial correspondente e deberase facer constar a súa pertenza ao programa de obradoiros de emprego, a denominación do proxecto para o cal se formaliza e, se é o caso, o número da oferta de emprego utilizada. Serán rexistrados na oficina de emprego, indicando a súa pertenza ao programa de obradoiros de emprego co indicador xenérico de grupo E. Ademais, cada contrato dun obradoiro de emprego deberá codificarse coas seguintes claves: E01 (alumnado-traballador) e E02 (persoal directivo, docente e de apoio).

Artigo 14. Incidencias e reclamacións

1. As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, serán resoltas polo grupo de traballo mixto sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

2. Calquera que sexa o sistema de selección utilizado, seguiranse os criterios e procedementos establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura de ofertas

de emprego ou actividade, polo que non será de aplicación a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas aínda cando a entidade promotora sexa un organismo público. Neste último caso, o persoal e o alumnado-traballador seleccionados non se considerarán incluídos nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.

CAPÍTULO IV

Procedemento para a concesión de subvencións

Artigo 15. *Solicitudes. Prazo de presentación*

1. As entidades previstas no artigo 3, que desexen promover un proxecto de obradoiro de emprego, e obter as axudas e subvencións establecidas nesta orde, deberán formalizar a correspondente solicitude, de conformidade co disposto no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no modelo que se publica como anexo I-O a esta orde, e que estarán ao seu dispor na sección de emprego da web institucional da Xunta de Galicia (<http://www.xunta.es/emprego>), así como na guía de procedementos e servizos, subscrita pola persoa representante legal, xunto coa documentación sinalada no artigo seguinte.

2. As solicitudes dirixiranse ás xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar e presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. Para os efectos do disposto na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, no artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e nos artigos 14 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante a presentación da solicitude de subvención e a sinatura do anexo I a entidade interesada presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para incluír e facer públicos nos referidos rexistros e páxina web, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas. De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, poderán exercerse os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición, mediante escrito dirixido á Secretaría Xeral Técnica da Con-

sellería de Traballo e Benestar, segundo o disposto na Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta consellería.

4. O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 16. *Documentación*

1. De carácter xeral: xunto coa solicitude, a documentación que se presentará, en orixinal ou copia compulsada, será a seguinte:

a) A que acredite a personalidade xurídica da entidade solicitante, tendo en conta que se é unha mancomunidade, consorcio ou calquera outro tipo de asociacións dos concellos galegos ou algunha das entidades con competencias en materia de promoción do emprego ás cales alude o artigo 3, deberá achegarse, segundo proceda, norma ou acordo de creación ou estatutos publicados no diario oficial correspondente, que poderá ser substituído por unha certificación expedida para tal efecto.

b) Tarxeta de identificación fiscal.

c) Autorización, da persoa que actúa en nome e representación da entidade solicitante, á Consellería de Traballo e Benestar para que esta comprobe os seus datos persoais a través do Sistema de verificación de datos de identidade (SVDI) do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, segundo o establecido na Orde do 7 de xullo de 2009, da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se desenvolve o Decreto 255/2008, de 23 do outubro, polo que se suprime a achega de fotocopias dos documentos acreditativos da identidade nos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos na Administración da Comunidade Autónoma. No caso de non prestar a súa autorización, presentárase unha fotocopia compulsada do documento acreditativo da identidade do solicitante.

d) A que acredite o apoderamento suficiente de quen actúa en nome e representación da entidade solicitante. Esta circunstancia farase constar mediante copia da norma ou acordo de nomeamento publicada no correspondente diario oficial ou mediante certificación expedida para o efecto.

e) As entidades locais, os seus organismos autónomos e as entidades con competencias en materia de promoción do emprego e os consorcios, comunidades, mancomunida-

des ou calquera outro tipo de asociacións dos concellos galegos, deberán presentar certificación expedida polo secretario ou secretaria da entidade promotora, en que se recolla o acordo de aprobación do proxecto e de solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar, adoptado polo órgano competente, ou, se é o caso, as certificacións das aprobacións por cada un dos concellos participantes no proxecto e, se procede, do convenio de colaboración asinado entre eles para o efecto.

f) O compromiso asumido pola entidade ou entidades participantes de procurar a inserción laboral posterior, polo menos, do 10 % das persoas desempregadas participantes nos proxectos.

g) Declaración da persoa representante legal en que se recolla o conxunto de todas as axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade polas distintas administracións públicas competentes ou entes públicos estatais ou internacionais, segundo o modelo que se xunta como anexo II-O.

h) Certificado en que consten as fontes de financiamento da parte do custo do proxecto que non sexa subvencionada pola Consellería de Traballo e Benestar.

i) Declaración responsable de estar ao día as obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Seguridade Social e non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. De carácter específico: ademais da indicada no punto anterior, as entidades promotoras de obradoiros de emprego deberán xuntar a seguinte documentación:

a) Certificado expedido polo secretario ou secretaria, ou cargo equivalente da entidade promotora que acredite a titularidade xurídica de cada un dos obxectos de actuación e a súa dispoñibilidade para realizar as obras ou a prestación dos servizos previstos no proxecto. No caso de titularidade privada, documento de cesión para o seu uso público por un período de tempo non inferior a vinte e cinco anos.

b) As autorizacións administrativas que sexan exixibles atendendo á natureza xurídica e ao réxime de protección dos obxectos sobre os cales se pretende actuar con ocasión do desenvolvemento do proxecto. De non seren necesarias, achegarase certificación expedida polo secretario ou secretaria, ou cargo equivalente da entidade promotora en tal sentido.

c) Proxecto para o cal se solicita a subvención e que, como mínimo, constará dunha memoria, segundo o modelo que se xunta como anexo III-O, na cal se recollerán os seguintes aspectos:

- Descrición detallada da obra ou servizo que se vai realizar ou prestar, indicando o destino previsto para a súa utilización posterior. No caso de que a obra que se vai executar o requira, achegarase proxecto básico asinado por persoal técnico competente. O dito proxecto básico constará, cando menos, de memoria descritiva, planos xerais e orzamento con estimación global por capítulos.

- Plan formativo por especialidades en relación co proxecto de obra ou servizo que se vai desenvolver, de xeito que se estableza a correspondencia entre o plan formativo por especialidades e as unidades de obra ou servizos. Os itinerarios formativos adecuaranse, na medida do posible, ao establecido nos reais decretos dos correspondentes certificados de profesionalidade ou, no seu defecto, especificaranse os módulos formativos da ocupación, indicando o número de horas e os seus contidos teórico-prácticos.

- Cada itinerario formativo deberá incluír a denominación dos módulos que o integran e a súa duración, o obxectivo xeral do módulo e os contidos teórico-prácticos.

- Orzamento e financiamento do proxecto, detallado segundo o disposto no artigo 17 desta orde.

- Datas previstas de comezo e finalización da actividade do obradoiro de emprego.

- Informe sobre as estratexias de desenvolvemento e perspectivas de emprego, con inclusión das previsións, o máis concretas posible, de inserción laboral do alumnado-traballador participante ao remate da súa participación no proxecto.

Artigo 17. *Contido do orzamento dos obradoiros de emprego*

Para os efectos do previsto na letra c) do artigo 16.2 desta orde, o orzamento do proxecto presentarase subdividido en:

1. Orzamento de gastos segundo o seguinte detalle:

a) Custos máximos totais derivados da contratación do persoal directivo, docente, administrativo ou de apoio e do alumnado-traballador participante.

b) Custos máximos totais derivados do funcionamento e xestión do obradoiro de emprego:

- Medios e materiais didácticos e de consumo para a formación.

- Amortización de instalacións e equipamentos. Cando a entidade promotora achegue, para o desenvolvemento do proxecto, bens (equipamentos e instalacións) amortizables, xuntarase relación valorada destes, incluíndo as cotas de amortización que deriven da aplicación das táboas de coeficientes de amortización anualmente establecidas.

- Viaxes do alumnado-traballador para a súa formación.

- Material de oficina.

- Alugamento de instalacións, maquinaria e equipamentos, excluído o *leasing*.

- Gastos xerais.

- Se é o caso, o importe da póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que para os bens e as persoas poidan derivar da actuación profesional do persoal do obradoiro de emprego durante todo o funcionamento do proxecto.

- Outros gastos de funcionamento necesarios para o desenvolvemento do proxecto.

2. Orzamento de ingresos: expresará a parte financiada pola entidade promotora e por outros posibles organismos ou entidades colaboradoras, así como a parte para a cal se lle solicita financiamento á Consellería de Traballo e Benestar. De ser o caso, tamén se farán constar os posibles ingresos previstos como consecuencia, e sempre que se cumpra o establecido no artigo 29 desta orde, do alleamento de bens producidos ou servizos prestados polo obradoiro de emprego.

Artigo 18. *Instrución e emenda*

1. O órgano instrutor dos expedientes será o servizo competente en materia de emprego da xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar competente por razón do territorio.

2. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos exixidos ou a documentación achegada conteña erros ou sexa insuficiente, o órgano instrutor do expediente, requirirá a entidade solicitante para que, no prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os

documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixer, se considerará desistida da súa petición, logo da correspondente resolución, de conformidade co estipulado no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 19. *Avaliación de solicitudes. Comisión Central de Valoración*

1. Os expedientes, unha vez completos, serán remitidos, no prazo de 15 días, xunto co informe técnico emitido pola xefatura territorial e no modelo que para o efecto estableza a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, á Comisión Central de Valoración para o seu estudo e informe nunha única fase, que terá lugar a partir da segunda quincena de setembro.

2. Para estes efectos a Comisión Central de Valoración estará composta pola persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, que a presidirá; e serán vogais as persoas responsables das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, e actuará como secretario a persoa titular da Subdirección Xeral de Escolas Obradoiro e Programas de Cooperación, con voz pero sen voto.

Se por calquera causa, no momento que a Comisión Central de Valoración teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñen non puider asistir, será substituída pola persoa que sexa designada pola persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar.

Artigo 20. *Criterios de valoración dos proxectos*

1. Na valoración dos proxectos de obradoiros de emprego teranse en consideración os seguintes criterios:

a) Número de persoas desempregadas, dentro do segmento de idade beneficiario do proxecto, existentes no ámbito territorial en que se desenvolva: ata 5 puntos.

b) O ámbito xeográfico de actuación do proxecto: ata 20 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

- Proxectos localizados en concellos cunha media de paro no ano 2011 superior ás 2.000 persoas desempregadas ou cun incremento na media anual do paro rexistrado desde o ano 2008 superior ao 50%, ou que sufrisen un ERE extintivo no seu ámbito territorial en 2011 que supuxese un incremento da media de paro desde o ano 2008 superior ao 15 %: 20 puntos.

- Proxectos localizados en concellos cunha media de paro no ano 2011 superior ás 1.000 persoas desempregadas ou cun incremento na media anual do paro rexistrado desde o ano 2008 superior ao 35 %: 15 puntos.

- Proxectos localizados nos restantes concellos: 10 puntos.

No suposto de que no ámbito xeográfico de actuación do proxecto convivan concellos dos diferentes grupos a puntuación obterase de xeito proporcional.

c) Perspectivas de emprego do colectivo participante, especialmente para a creación de maior número de postos de traballo estables: ata 10 puntos.

d) Adaptabilidade do proxecto para a participación dos colectivos sinalados como preferentes polo Servizo Público de Emprego de Galicia, de acordo co que establezan as directrices de emprego europeas e as que poidan emanar do diálogo social e institucional en Galicia e a demais normativa e acordos que, se é o caso, resulten de aplicación: ata 5 puntos.

e) Carácter innovador do proxecto: ata 10 puntos, tendo en consideración a súa incidencia en novos viveiros de emprego, como:

- Servizos de utilidade colectiva: rehabilitación do patrimonio artístico, histórico, cultural ou natural, revalorización de espazos públicos e urbanos, xestión de residuos, xestión de augas, protección e mantemento de zonas naturais e aqueles que incidan directa ou indirectamente no control da enerxía.

- Servizos de lecer e culturais: promoción do turismo e desenvolvemento cultural e local.

f) Dedicación do proxecto a implantación de servizos personalizados de carácter cotián: coidado de nenas e nenos, prestación de servizos a domicilio a persoas con discapacidade ou persoas maiores, axuda a mozos e mozas en dificultades e/ou con desarraigamento social: ata 20 puntos.

g) Calidade do proxecto, atendendo ás actuacións que se van realizar e a súa adecuación para a cualificación e adquisición de experiencia profesional do alumnado-traballador e dos beneficios sociais que se prevexa xerar: ata 15 puntos.

h) Calidade do plan formativo cara á obtención do certificado de profesionalidade e a súa adecuación entre as especialidades propostas e as ocupacións máis ofertadas no mercado de traballo: ata 15 puntos.

i) Ámbito de actuación superior ao municipal e que implique, no seu deseño, financiamento e execución, a outras entidades locais do contorno: ata 5 puntos.

j) Achegas da entidade promotora ou doutras entidades colaboradoras, especialmente cando estas achegas diminúan a subvención que poida conceder a Consellería de Traballo e Benestar: ata 5 puntos. Para tal efecto, terase en conta o esforzo investidor en cada caso.

k) Número de proxectos de escolas obradoiros ou obradoiros de emprego promovidos con anterioridade pola entidade solicitante, así como resultados cualitativos e cuantitativos: ata 10 puntos. Para estes efectos, valoráranse en concreto:

- Non ter promovido proxectos durante os catro anos inmediatamente anteriores.
- A inserción das persoas participantes no mercado laboral.
- A formación e experiencia profesional adquirida.
- O resultado socioeconómico derivado da realización de proxectos de utilidade pública e social acollidos a esta orde.

l) Participación dos axentes económicos e sociais con presenza no territorio na elaboración do contido e posterior desenvolvemento do proxecto ou cando estiver vinculado ou xurdir por iniciativa ou coa participación do comité territorial de emprego competente: ata 5 puntos.

m) Emprego da lingua galega na elaboración e na realización dos proxectos: ata 2 puntos.

2. A puntuación mínima exigible para a aprobación dos proxectos e concesión da correspondente subvención será de 44 puntos.

3. Cando a Comisión Central de Valoración informe unha variación do número de alumnos e alumnas participantes, a entidade promotora, no prazo de quince días, desde a súa notificación, deberá realizar os axustes e modificacións pertinentes no proxecto presentado, para os efectos da súa aprobación segundo o previsto no artigo seguinte desta orde.

Artigo 21. Resolución

1. Dentro dos seis meses seguintes á entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación, cumpridos os trámites previstos no artigo 19 desta orde, emitida a proposta de resolución polo órgano instrutor e fiscalizada esta pola respectiva intervención, a persoa responsable da xefatura territorial, por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, ditará e notificaralle á entidade solicitante a resolución que proceda.

2. A resolución favorable conterà, como mínimo, os seguintes puntos:

a) Finalidade e obxectivos básicos do proxecto, número e características das persoas beneficiarias, e, se é o caso, especialidades que se impartirán.

b) Subvención outorgada con cargo aos orzamentos da Consellería de Traballo e Benestar para o financiamento dos custos sinalados no artigo 25 desta orde; deberase facer constar que o seu importe ten o carácter de estimado.

c) Duración do proxecto e datas previstas para o seu comezo.

d) Referencia a que a Unión Europea, a través do Fondo Social Europeo, e mediante o correspondente programa operativo poderá cofinanciar a subvención concedida na porcentaxe alí indicada.

e) Calquera outra especificación que se coide oportuna en cada caso concreto.

3. Transcorrido o prazo de seis meses sen que se notifique resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co disposto no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e artigo 23 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Sen prexuízo do previsto no artigo 36 desta orde, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda ou subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

5. As resolucións dos expedientes instruídos ao abeiro do disposto nesta orde esgotan a vía administrativa, polo que, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra elas poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa notificación, se for expresa; se non o for, o prazo será de seis meses e contarase, para a entidade solicitante e outros/as posibles interesados/as, a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Potestativamente, con anterioridade á interposición do antedito recurso contencioso-administrativo, de conformidade co previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, se o dito acto for expreso; se non o for, o prazo será de tres meses e contarase, para a entidade solicitante e calquera outro posible interesado, a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Todo o anterior é sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno para a defensa dos dereitos e intereses das entidades solicitantes e outros posibles interesados.

6. As subvencións concedidas ao abeiro desta orde publicaranse, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a finalidade no *Diario Oficial de Galicia*, na páxina web oficial da Consellería de Traballo e Benestar e no rexistros de subvencións, de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 22. *Modificacións do proxecto*

1. Calquera modificación que implique un cambio de titularidade da entidade promotora ou dos obxectivos e actuacións básicas do proxecto que sexan considerados como substanciais, deberá ser solicitada segundo o procedemento indicado anteriormente.

2. De teren as modificacións o dito carácter de substanciais, as xefaturas territoriais remitirán as solicitudes, cando o informe técnico sexa favorable, á Dirección Xeral de Promo-

ción do Emprego para que esta emita informe sobre a procedencia da modificación pretendida. A súa resolución correspóndelles ás persoas responsables das xefaturas territoriais, por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar.

Os mencionados cambios deberán responder a causas excepcionais debidamente xustificadas que así o esixan.

3. Para a tramitación do cambio de titularidade, a entidade promotora titular deberá presentar ante a correspondente xefatura territorial a seguinte documentación:

a) Solicitude de aceptación da súa renuncia e de cambio de titularidade do proxecto, debidamente xustificada.

b) Escrito de aceptación do cambio de titularidade pola nova entidade, xunto coa documentación exixible a teor do previsto no artigo 16 desta orde.

c) Balances dos dereitos e obrigas que se transfiren e da situación e xustificación das subvencións percibidas da Consellería de Traballo e Benestar.

d) Acta conxunta en que se acepta a liquidación e transferencia dos dereitos e obrigas co visto e prace da xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar.

4. As solicitudes de modificacións non esenciais non precisarán do ditame da Dirección Xeral de Promoción do Emprego para seren resoltas pola xefatura territorial. Da resolución que se dite enviarase copia á dita dirección xeral para a súa constancia.

CAPÍTULO V

Financiamento e xustificación de subvencións

Artigo 23. *Financiamento da subvención*

1. O programa de obradoiros de emprego será financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma a través das axudas e subvencións que conceda a Consellería de Traballo e Benestar, con cargo aos créditos da aplicación 12.04.322A.460.2 (código de proxecto 2012 00 660 da Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012, por un importe de 8.000.000 de euros. Para o exercicio de 2013, as subvencións financiaranse con cargo á mesma aplicación polo importe de 2.500.000 euros. Este importe poderá ser incrementado ou minorado en

función das solicitudes que se presenten e das axudas e subvencións que efectivamente se concedan e como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos finalistas para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que se poidan establecer na Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas e subvencións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

2. A distribución provincial de créditos para o financiamento das axudas e subvencións previstas nesta orde será, con carácter xeral, directamente proporcional ao número de persoas paradas e á evolución do paro rexistrado no período 2007-2011, e inversamente proporcional á evolución da poboación no citado período e terá en conta o necesario equilibrio e solidariedade con aqueles territorios máis desfavorecidos.

Artigo 24. *Convenios de colaboración*

As entidades promotoras poderán subscribir convenios de colaboración con outras entidades públicas ou privadas, mediante os que se comprometan a achegar parte ou a totalidade do custo do proxecto, descontándose estas achegas da subvención que poida conceder a Consellería de Traballo e Benestar. Esta circunstancia farase constar na memoria prevista no artigo 16 desta orde.

Artigo 25. *Obxecto da subvención*

1. As axudas e subvencións que conceda a Consellería de Traballo e Benestar para cada obradoiro de emprego, e que se determinarán na resolución que aprobe o proxecto, destinaranse exclusivamente a sufragar os seguintes custos:

a) Os de formación profesional para o emprego e, se é o caso, educación básica durante a duración do proxecto.

b) Os salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban cos alumnos e alumnas.

2. En ningún caso, o importe da subvención concedida poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo do proxecto.

3. O importe das cantidades efectivas que se aboarán estará en función do valor dos módulos, do salario mínimo interprofesional e das cotizacións á Seguridade Social vixen-

tes, do número de alumnos e alumnas participantes e da xustificación dos gastos subvencionados.

Artigo 26. *Subvención para custos de formación profesional para o emprego*

1. Consideraranse como custos de formación profesional para o emprego e, se é o caso, de educación básica, susceptibles de seren subvencionados:

- a) Os custos derivados da contratación do persoal directivo, docente e de apoio.
- b) Os medios e materiais didácticos e de consumo para a formación.
- c) As amortizacións de instalacións e equipamentos. Para o seu cálculo utilizaranse as táboas de coeficientes anuais de amortización oficialmente establecidas.
- d) As viaxes para a formación do alumnado-traballador.
- e) Os materiais de oficina.
- f) Alugamento de instalacións, maquinaria e equipamentos, excluído o *leasing*.
- g) Os gastos xerais.
- h) Se é o caso, o importe da póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que para os bens e as persoas poidan derivarse da actuación profesional do persoal do obradoiro de emprego durante o funcionamento do proxecto.
- i) Outros gastos de funcionamento que sexan necesarios para o desenvolvemento do proxecto formativo.

2. Non poderán financiarse con cargo á subvención concedida:

- a) As indemnizacións por morte e as correspondentes a traslados, suspensións, despedimentos, cesamentos ou finalizacións de contratos, así como o importe do pagamento da retribución correspondente ao período das vacacións anuais non desfrutados durante a duración do proxecto formativo.
- b) Os gastos de investimento tales como a adquisición de inmobles, instalacións, maquinarias e equipamentos.

c) Os alugamentos de edificios, locais, naves, aulas ou o seu acondicionamento, sempre que non sexa resultado da práctica profesional do alumnado-traballador participante.

d) Os gastos financeiros xerados por avais, anticipos bancarios ou análogos.

Artigo 27. *Cálculo da subvención para custos de formación profesional para o emprego*

1. Para os efectos do previsto no artigo anterior, o cálculo da subvención efectuarase por hora/alumno/a de formación e por módulos:

a) Módulo A: mediante este módulo compensaranse os custos salariais do persoal directivo, docente e de apoio que fose seleccionado e contratado, incluídos os orixinados polas cotas da Seguridade Social por conta da persoa empregadora, derivados de contingencias comúns e profesionais, Fondo de Garantía Salarial, Desemprego e Formación Profesional.

b) Módulo B: con este módulo compensaranse os demais gastos enumerados no número 1 do artigo anterior.

2. Para esta convocatoria establécese un importe de 3,35 euros/hora/participante para o módulo A e de 0,92 euros/hora/participante para o módulo B.

3. A contía dos anteditos módulos é única para toda a duración do proxecto, aínda que se desenvolva en dous exercicios anuais distintos e será a que corresponda á data de inicio da fase. Non obstante, a retención do 20 % da subvención prevista no artigo 30.3 desta orde imputarase á anualidade do 2013, ano en que se vai realizar o seu pagamento, conforme o disposto no artigo 26.4 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. O importe do módulo A ten en consideración a relación dun ou dunha docente a xornada completa por cada oito alumnos/as.

O importe da subvención prevista para gastos de formación e funcionamento será o equivalente ao resultado de multiplicar o valor dos módulos A e B polo número de alumnos e alumnas e polo total de horas considerando a xornada completa.

Artigo 28. *Subvención para custos salariais do alumnado-traballador*

Nos contratos para a formación e aprendizaxe que a entidade promotora subscriba cos alumnos e alumnas participantes nos obradoiros de emprego, a Consellería de Traballo

e Benestar subvencionará o 100 % do salario mínimo interprofesional anualmente establecido, incluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias. Así mesmo, tamén subvencionará a totalidade das cotas por conta da persoa empregadora correspondentes á Seguridade Social, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional previstas para os ditos contratos na súa normativa específica.

Artigo 29. *Producción de bens e servizos*

Cando os obradoiros de emprego, no desenvolvemento da súa actividade, produzan bens que sexan susceptibles de comercialización, poderán allearse, sempre que non se incorra en competencia desleal e se dispoña das autorizacións necesarias. Os ingresos procedentes de tales alleamentos ou da prestación de servizos deberán aplicarse ás actividades do obradoiro de emprego, e deberá quedar constancia documental e contable tanto dos ingresos obtidos como do seu destino.

CAPÍTULO VI

Pagamento e xustificación da subvención

Artigo 30. *Pagamento da subvención*

1. Correspóndelles ás xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar o pagamento das subvencións concedidas, logo das solicitudes das entidades promotoras, no modelo que para o efecto estableza a Dirección Xeral de Promoción do Emprego.

2. Unha vez iniciado o obradoiro de emprego, e despois da xustificación do comezo mediante a oportuna certificación emitida en tal sentido pola entidade promotora, aboaráselle a esta, en concepto de anticipo, unha cantidade equivalente ao 25 por cento do importe total da subvención do proxecto.

Na medida en que a entidade promotora xustifique os gastos e despois de recibida a súa solicitude, poderá aboárselle, en concepto de pagamento á conta, ata o 55 % do importe do libramento non xustificado pola entidade promotora, de acordo co establecido no artigo 31 desta orde.

3. O 20 % ou a porcentaxe que resulte restante aboaráselle á entidade promotora unha vez rematado o proxecto, xustificadas todos os gastos e presentada a acta de liquidación do expediente nos termos dispostos nos artigos 31 e 33 desta orde.

4. Unha vez recibidos os fondos, a entidade promotora deberá remitir á xefatura territorial correspondente, da Consellería de Traballo e Benestar, por cada un dos ingresos, unha certificación acreditativa da súa recepción.

5. As entidades beneficiarias, antes de cada recepción de fondos, deberán achegar unha declaración responsable complementaria de estar ao día das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Seguridade Social e non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

6. No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, a entidade beneficiaria presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Artigo 31. *Forma de xustificación*

1. A xustificación realizarase de conformidade co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 44 do seu regulamento. A entidade promotora, dentro do mes seguinte ao remate do período que xustifique, remitirá á correspondente xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar os xustificantes dos pagamentos efectuados con cargo aos fondos recibidos. A xustificación presentarase segundo o detalle indicado nos modelos que estableza a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, e non se poderán efectuar compensacións entre os distintos conceptos. Así mesmo, xuntarase relación dos pagamentos realizados con identificación das persoas perceptoras, detalle das cantidades aboadas e a data do seu pagamento.

2. A xustificación por horas realizadas nos obradoiros de emprego deberá efectuarse mediante unha relación do alumnado-traballador participante no período que se xustifica, con expresión das súas datas de alta e baixa, xunto coas copias dos seus contratos de traballo e partes de baixa na Seguridade Social.

Para a xustificación dos custos salariais dos alumnos e alumnas participantes, que se efectuará en función dos contratos efectivamente formalizados e pola duración do período que se xustifica, será necesario achegar a documentación indicada no parágrafo anterior xunto coas nóminas, seguros sociais e xustificantes do seu pagamento.

A antedita documentación deberá xuntarse á nova solicitude de transferencia de fondos, segundo o modelo que para o efecto establece a Dirección Xeral de Promoción do Emprego.

3. Para a xustificación dos custos salariais e de seguridade social, tanto do alumnado-traballador como do persoal directivo, docente e de apoio, as entidades beneficiarias presentarán os documentos xustificativos, individualizados, dos pagamentos efectuados xunto cos documentos bancarios correspondentes (extracto ou cargo bancario); así como unha certificación expedida polo secretario ou secretaria, ou cargo equivalente, en que se relacionen todos os xustificantes, individualizados, dos pagamentos realizados así como a data do seu pagamento.

4. Respecto á xustificación dos custos comprendidos no módulo B, as entidades promotoras deberán presentar unha certificación expedida polo secretario ou secretaria, ou cargo equivalente en que conste: nome e NIF do acredor/a, número de factura, importe, data de emisión da factura e do seu pagamento, de acordo con disposto no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. No caso de que non se xustifique segundo o previsto nos puntos anteriores, non se realizarán novas provisións de fondos, e procederase á reclamación das cantidades non xustificadas de conformidade co procedemento establecido para o efecto.

6. Os gastos correspondentes ao exercicio de 2012 xustificaranse necesariamente antes do 30 de decembro de 2012 e os de 2013 antes do 1 de agosto de 2013.

Artigo 32. *Subvención máxima xustificable*

A subvención máxima que se pode admitir como xustificada, por gastos de formación e funcionamento, para cada un dos módulos A e B, non poderá exceder o que resulte de multiplicar o número de horas realizadas polo importe de cada módulo. Para estes efectos, tamén serán consideradas como horas efectivas as do alumnado-traballador que abandone o proxecto polo tempo comprendido entre a data da súa baixa e, se é o caso, o remate do proxecto.

Igualmente, asimiláranse as horas de formación efectivamente impartidas ás correspondentes aos períodos de vacacións anuais retribuídos desfrutados, durante o período de duración do proxecto, polos alumnos e alumnas participantes, establecidos legal ou convencionalmente.

Artigo 33. Liquidación do expediente

1. Dentro do mes seguinte ao remate do proxecto, a entidade promotora remitirá á xefatura territorial correspondente da Consellería de Traballo e Benestar, nos modelos que estableza a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, a seguinte documentación:

- a) Xustificación dos pagamentos efectuados con cargo a última provisión de fondos.
- b) Relación de gastos realizados e os correspondentes xustificantes de pagamento.
- c) Acta de liquidación e cadro-resumo de xustificantes de gastos.

2. Despois de verificada a xustificación presentada, e en caso de acordo, a xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar dará a súa conformidade aos documentos antes sinalados, e procederá ao aboamento das cantidades previstas no artigo 30.3 desta orde. No suposto de desconformidade ou discrepancia, a xefatura territorial descontará do pagamento do 20 % restante as cantidades non xustificadas.

3. Revisada a xustificación, e de existir un saldo positivo a favor da Consellería de Traballo e Benestar, a xefatura territorial iniciará o procedemento establecido para o reintegro das cantidades non xustificadas.

4. En todo caso, no prazo de tres meses posteriores á finalización da actividade do proxecto, a xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar remitirá á Dirección Xeral de Promoción do Emprego a documentación sinalada na letra c) do punto 1 deste artigo.

CAPÍTULO VII**Obrigas, seguimento e control****Artigo 34. Obrigas**

As entidades beneficiarias das subvencións previstas nesta orde, ademais de cumprir as obrigas establecidas pola normativa aplicable con carácter xeral ás axudas e subvencións públicas, deberán:

- a) Realizar as actividades para as cales se concede a subvención, de conformidade coas disposicións previstas nesta orde e nas resolucións, instrucións ou circulares que a desenvolvan.

b) Acondicionar e dotar as instalacións de xeito que reúnan as condicións de seguridade e saúde laboral que permitan o normal desenvolvemento das actividades formativas desde o inicio do proxecto.

c) Contratar os alumnos e alumnas participantes, na modalidade contractual e pola duración prevista no artigo 4 desta orde, e formalos nos aspectos teóricos e prácticos das actividades profesionais ou oficios obxecto do programa.

d) Acreditar ante a Consellería de Traballo e Benestar a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos exixidos para a concesión da axuda ou subvención, achegando a documentación que lles sexa requirida co fin de comprobar o cumprimento das obrigas que derivan da dita concesión.

e) Satisfacer, ao seu vencemento, as obrigas económicas que deriven do funcionamento do proxecto subvencionado, especialmente as de carácter salarial, con independencia de que se percibise con anterioridade a subvención concedida.

f) Someterse ás actuacións de comprobación efectuadas pola Consellería de Traballo e Benestar e ás da Inspección de Traballo e Seguridade Social, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Consello de Contas e ás que poidan corresponder, no suposto de cofinanciamento polo Fondo Social Europeo, á Comisión e o Tribunal de Contas das Comunidades Europeas.

g) Comunicar á Consellería de Traballo e Benestar a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público estatal ou internacional, no momento de presentar a solicitude así como con ocasión da xustificación da execución total do proxecto e, en todo caso, antes do derradeiro pagamento.

h) Cumprir con cantas obrigas deriven da normativa de aplicación do cofinanciamento polo FSE, de conformidade co establecido no artigo seguinte.

Artigo 35. *Cofinanciamento polo Fondo Social Europeo*

1. Unha parte das axudas reguladas nesta orde poderán estar cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa operativo adap-

tabilidade e emprego PO 2007 ES 05U PO 001, para o período 2007-2013, polo que este réxime de subvencións quedará suxeito aos seguintes regulamentos:

- Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, do 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao FEDER, ao FSE e ao Fondo de Cohesión e se derroga o Regulamento (CE) nº 1260/1999.

- Regulamento (CE) nº 1081/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativo ao FSE e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1784/1999.

- Regulamento (CE) nº 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e o Regulamento (CE) nº 1080/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

2. Co fin de efectuar un seguimento adecuado da execución dos proxectos cofinanciados polo FSE ao abeiro do Programa operativo de adaptabilidade e emprego para o período 2007-2013, mediante as subvencións reguladas nesta orde, a entidade beneficiaria deberá someterse ao cumprimento das seguintes obrigas:

I. Relacionadas coas medidas de información e publicidade impostas polo Regulamento da Comisión (CE) número 1828/2006, do 8 de decembro:

a) Identificar convenientemente, para os efectos de difusión pública, a sede do proxecto así como as actividades e as obras e servizos que se realicen, tendo en conta que as súas actividades de publicidade e divulgación se adecuarán á normativa correspondente e ás previsións do Fondo Social Europeo. Así mesmo, nas realizacións de carácter permanente que leven a cabo os obradoiros de emprego colocarse una placa identificativa, seguindo os modelos e características que estableza a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, en que constará o cofinanciamento polos servizos públicos de emprego e polo Fondo Social Europeo

b) Utilizar os documentos de información ás persoas traballadoras, da subvención polo Fondo Social Europeo, no modelo normalizado establecido para o efecto.

II. Relacionadas coas verificacións administrativas e sobre o terreo necesarias para dar cumprimento ao artigo 13 do Regulamento (CE) Nº 1828/2006 e sen prexuízo da obriga de xustificación das subvencións percibidas nos termos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na presente norma:

a) Levar un sistema de contabilidade separada ou código contable adecuado en relación con todos os gastos subvencionados, así como separar os gastos cofinanciados polo Fondo Social Europeo (gastos comprendidos no módulo A e custos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado) dos gastos no cofinanciados (gastos comprendidos no módulo B).

b) Manter unha pista de auditoría suficiente e conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, ata a anualidade de 2021 e, en todo caso, durante un mínimo de tres anos a partir do peche do Programa operativo adaptabilidade e emprego 2007-2013 en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Artigo 36. *Incumprimento de obrigas. Reintegro da subvención*

1. O incumprimento total ou parcial por parte da entidade beneficiaria das obrigas establecidas nesta orde así como na demais normativa aplicable ao programa de obradoiros de emprego e, con carácter xeral, ás axudas e subvencións públicas que se outorguen con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, orixinará, tendo en consideración a natureza e causas do incumprimento, se é o caso, a súa incidencia na formación e cualificación profesional do alumnado-traballador participante, o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas en concepto de axudas ou subvencións máis os xuros de demora nas condicións e de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e sen prexuízo do establecido no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

2. As xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar facilitarán información aos comités provinciais de emprego dos incumprimentos das entidades promotoras que dean lugar ao reintegro total ou parcial das axudas concedidas.

Artigo 37. *Asistencia, seguimento e avaliación*

1. As xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar son os órganos encargados de realizar as tarefas de supervisión, coordinación, asistencia técnica, seguimento

e control da xestión dos obradoiros de emprego, así como das axudas e subvencións concedidas.

2. Ademais de tramitar e resolver o expediente de solicitude e, de ser o caso, transferir os fondos correspondentes, deben realizar, na forma e cos procedementos que estableza a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, as seguintes actuacións:

a) Asistencia, apoio e asesoramento técnico e administrativo tanto á entidade promotora na preparación do proxecto como ao propio obradoiro de emprego na realización das actividades para as cales se concede a subvención, para conseguir o éxito do proxecto: creación de emprego, cualificación, adquisición de experiencia e inserción laboral, así como a correcta realización e desenvolvemento do traballo e actividades previstas.

b) Seguimento da xestión, obtendo dos obradoiros de emprego, a información referente aos alumnos e alumnas participantes, persoal directivo, docente e de apoio e calquera outro dato que se considere de interese para o seguimento puntual da xestión, especialmente daqueles que serviron de base para a concesión da subvención.

c) Control das axudas e subvencións concedidas e liquidación do expediente.

d) Control dos resultados obtidos. Para estes efectos as entidades promotoras, aos seis e doce meses da súa finalización, remitirán, debidamente cuberto, o cuestionario de inserción laboral, ademais de estaren obrigadas a proporcionar calquera outra información que se considere pertinente con tal finalidade.

Disposición adicional primeira

As axudas e subvencións aos obradoiros de emprego poderán ser cofinanciadas pola Unión Europea, a través do Fondo Social Europeo, mediante o Programa operativo de adaptabilidade e emprego, 2007 ES 05U PO 001, nunha porcentaxe do 80 %.

Disposición adicional segunda

A concesión das axudas e subvencións reguladas por esta orde, estará supeditada á existencia de crédito na aplicación orzamentaria 12.04.322A.460.2, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2012.

Disposición adicional terceira

O 20 % do importe total das axudas para cada proxecto terá o carácter de plurianual, de conformidade co preceptuado polo artigo 58.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e no acordo do Consello da Xunta de Galicia adoptado na súa sesión do día 19 de xullo de 2012.

Disposición adicional cuarta

Os créditos previstos para o financiamento das axudas e subvencións que se concedan ao abeiro desta orde, poderán ser obxecto de modificación como consecuencia da asignación ou da redistribución dos fondos destinados a financiar os programas de fomento do emprego, coas limitacións que establezan a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas e subvencións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Disposición adicional quinta

Apróbase a delegación de atribucións do titular da Consellería de Traballo e Benestar na persoa responsable da Dirección Xeral de Promoción do Emprego para a autorizar e redistribuír os correspondentes créditos e nos xefes e nas xefas territoriais, nos ámbitos competenciais respectivos, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como as relativas aos procedementos de reintegro e sancionador sinaladas nos títulos II, III e IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En caso de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego as atribucións citadas no parágrafo anterior serán exercidas temporalmente e mentres persistan aquelas circunstancias, de conformidade co réxime disposto na disposición adicional primeira do Decreto 109/2012, do 22 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.

Disposición adicional sexta

As entidades beneficiarias das axudas e subvencións previstas nesta orde están suxeitas ao réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións, de conformidade co previsto no artigo 50 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional sétima

Por resolución do titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego poderanse establecer os criterios necesarios para que, a través desta orde, en canto aos colectivos prioritarios, se poidan cumprir os obxectivos establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia, de acordo coas directrices de emprego europeas e as que poidan emanar do diálogo social e institucional en Galicia e a demais normativa e acordos que, se é o caso, resulten de aplicación.

Disposición adicional oitava

A acreditación do cumprimento do compromiso de procurar a inserción asinado conforme ao establecido no artigo 3.3 desta orde terase que achegar na solicitude para a participación na convocatoria do programa no exercicio inmediatamente posterior.

Disposición derradeira primeira

Autorízase o titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e a execución desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2012

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO I - O

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓN A OBRADOIROS DE EMPREGO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR353A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

Os campos sinalados con * son obrigatorios

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO SOLICITANTE

DENOMINACIÓN NIF*

ENDEREZO LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

en nome e representación da antedita entidade, segundo a documentación que se achega,

SOLICITA:

A concesión da subvención correspondente, de conformidade co previsto na normativa aplicable, para a posta en funcionamento do obradoiro de emprego denominado , cunha duración de meses, e alumnos-traballadores, prevéndose como data de inicio o

DECLARA que:

- A esta solicitude se lle xunta a documentación que se especifica no dorso.
- Acepta as actuacións de comprobación previstas na orde de convocatoria.
- Os datos desta solicitude son certos.
- Presta o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para que de acordo co establecido no artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública, nos artigos 14 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.
- Autorizo a consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. SI NON

ESPECIALIDADES FORMATIVAS E NÚMERO DE ALUMNOS-TRABALLADORES

ESPECIALIDADE	CÓDIGO	DURACIÓN (meses)	Nº DE ALUMNOS-TRABALLADORES

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito á Secretaría Xeral Técnica desta consellería como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 27 de xullo de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2012.

SINATURA DO SEU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar de



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO I - O
(Continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

SUBVENCIÓNS A OBRADOIROS DE EMPREGO (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO TR353A)

- Documentación acreditativa da personalidade xurídica da entidade solicitante:
No caso dunha mancomunidade, consorcio ou calquera outro tipo de asociacións dos concellos galegos ou algunha das entidades con competencias en materia de promoción do emprego ás que alude o artigo 6, deberá achegarse, segundo proceda, norma ou acordo de creación ou estatutos publicados no diario oficial correspondente, podendo substituírse por unha certificación expedida para tal efecto.
- Fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Documentación acreditativa do apoderamento suficiente e subsistente de quen actúa en nome e representación da entidade solicitante.
- De ser o caso, unha fotocopia compulsada do documento acreditativo da identidade do solicitante.
- Certificación do acordo de aprobación do proxecto e da solicitude da subvención polo órgano competente.
- Documentación acreditativa da titularidade xurídica de cada obxecto de actuación e da súa dispoñibilidade para a execución da obra ou servizo que se vai realizar.
- No caso de titularidade privada, documento de cesión para uso público por un prazo non inferior a vinte e cinco anos.
- Autorizacións administrativas exixibles atendendo á natureza xurídica e ao réxime de protección dos obxectos sobre os que se actúa. De non seren necesarias, certificación en tal sentido.
- Declaración en que se recolla o conxunto de todas as axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto ou finalidade polas distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos nacionais ou internacionais (anexo II-O).
- Memoria (anexo III-O).
- No caso de ser necesario, proxecto técnico da obra que se vai realizar aprobado polos organismos competentes.
- Certificado en que consten as fontes de financiamento da parte do custo do proxecto que non sexa subvencionado pola Consellería de Traballo e Benestar.
- O compromiso, por escrito, asumido pola entidade ou entidades participantes de procurar a inserción laboral posterior de, polo menos o 10% das persoas desempregadas participantes nos proxectos.
- Delaración responsable de estar ao día das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Seguridade Social e non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE TRABALLO
 E BENESTAR

ANEXO II - O

DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS PARA O MESMO PROXECTO OU FINALIDADE

Don/Dona , con DNI
 actuando en nome e representación da entidade e en cumprimento
 do establecido no artigo 22.1 letra g) da Orde da Consellería de Traballo e Benestar, do 27 de xullo de 2012, pola que se establecen as bases
 reguladoras das axudas e subvencións para o programa de obradoiros de emprego no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede
 á súa convocatoria para o ano 2012.

DECLARA 1:

- A) Que para a posta en funcionamento do obradoiro de emprego a
 entidade a que representa non ten solicitado nin, en consecuencia, concedida ningunha outra axuda ou subvención para o mesmo proxecto
 ou finalidade polas distintas administracións públicas competentes ou entes públicos nacionais ou internacionais.
- B) Que para a posta en funcionamento do obradoiro de emprego a
 entidade a que representa, nas datas que a seguir se relacionan, solicitou e que se lle concedeu a/s seguinte/s axuda/s ou subvención/s
 para a mesma finalidade.

ADMINISTRACIÓN/ENTE PÚBLICO A QUE LLE FOI SOLICITADA A AXUDA OU SUBVENCIÓN	DATAS		CONTÍA
	SOLICITUDE	CONCESIÓN ²	

Sinatura do representante

Lugar e data
, de de

¹ Na declaración que se xunte ao expediente de solicitude da axuda ou subvención para a posta en funcionamento do obradoiro de emprego, figurará unicamente o texto do punto que proceda en función da posible solicitude de axudas ou subvencións a outras administracións públicas ou entes públicos nacionais ou internacionais.

² Nesta columna consignarase a data de concesión da axuda ou subvención solicitada. Para o caso de estar pendente a súa concesión, indicarase "PENDENTE"e, de ter sido denegada, farase constar "DENEGADA".

CVE-DOG: w1smplg0-lnj5-jcb1-qox9-aar8kzxyjae1




MEMORIA
1. IDENTIFICACIÓN DO CONTORNO
1.1. Localidade

No suposto de que o obradoiro teña caracter comarcal:

OUTRAS LOCALIDADES AFECTADAS	APOIO MUNICIPAL	
	SI/NON	XÚNTASE ESCRITO

Achegar plano da comarca afectada

 1.2. ¿Está a comarca sometida a un plan de ordenación ou desenvolvemento? SI NON

¿Cal?

 1.3. ¿Existe ou existiu algún OE/EO/CO(1) na localidade ou nalgunha das afectadas? SI NON

DENOMINACIÓN	LOCALIDADE

2. OBXECTIVOS PREVISTOS DE INSERCIÓN LABORAL ⁽²⁾

 2.1. Autoemprego. Ao remate do obradoiro de emprego prevese a creación de postos de traballo.

TIPO DE ACTIVIDADE ⁽⁷⁾	ACTIVIDADE ⁽⁴⁾	Nº DE POSTOS DE TRABALLO ⁽⁵⁾	OCUPACIÓN ⁽⁶⁾

 2.2. Ao remate do obradoiro de emprego, a entidade promotora prevé contratar traballadores.

TIPO DE CONTRATO	ACTIVIDADE ⁽⁴⁾	Nº DE TRABALLADORES ⁽⁵⁾	OCUPACIÓN ⁽⁶⁾

2.3. Para cando remate o obradoiro de emprego concertáronse as colocacións seguintes:

EMPRESA CONCERTADA ⁽⁷⁾	ACTIVIDADE ⁽⁴⁾	Nº DE TRABALLADORES ⁽⁵⁾	OCUPACIÓN ⁽⁶⁾

 2.4. Ao remate do obradoiro de emprego, aínda que de forma indeterminada, prevese a colocación de traballadores.

 2.5. Porcentaxe de inserción previsible sobre o total de traballadores que participan no obradoiro de emprego %

 2.6. Total de colocacións previstas:
NOTAS:
⁽¹⁾ O.E.: obradoiro de emprego E.O.: escola obradoiro C.O.: casa de oficios.

⁽²⁾ Neste momento do proceso é difícil chegar a determinadas concrecións nas previsións de emprego. Non obstante, é conveniente que, no posible, se cubra o formulario.

⁽³⁾ Previsións relativas á creación de pequenas empresas, cooperativas, comunidades de bens, etc., así como o establecemento por conta propia como autónomos.

⁽⁴⁾ Actividade principal a que podería dedicarse a entidade que se cree, ou o traballador que se contrate.

⁽⁵⁾ Número de postos de traballo que se prevé para cada entidade que se crea ou para cada tipo de colocación.

⁽⁶⁾ Ocupación que, eventualmente, desempeñaría o traballador que crea a entidade, ou o que se coloca por conta allea.

⁽⁷⁾ Empregador co que a entidade promotora concerta a colocación de traballadores, ao termo da súa participación no obradoiro de emprego, unha vez realizada a formación teórico-práctica tendo en conta as demandas do empregador.

**3. PLANS INTEGRAIS DE EMPREGO**

De existir algún plan de desenvolvemento que afecte a comarca onde radica o OE, con creación de emprego, indíquese:

3.1. Denominación do plan:**3.2. Organismo promotor do plan:****3.3. Investimentos previstos:****3.4. Financiamento dos investimentos:****3.5. Postos de traballo que se crean:****3.6. Características do plan de desenvolvemento, principais actividades e áreas de actuación:****4. OBRAS OU SERVIZOS QUE SE VAN REALIZAR**

Esta epígrafe deberá ser formalizada de conformidade coas seguintes indicacións:

Deberá cubrirse un número 4 para cada un dos obxectos de actuación/servizos previstos no proxecto.

- No número 4.1. recollerase a denominación da actuación/servizo.
- No número 4.2. indicaranse os datos de localización do obxecto de actuación/servizo (concello, parroquia, lugar, nome ou número de predio, etc.) de maneira que aquel garde correspondencia coa que figura na documentación achegada.
- No número 4.3. reflectirase unha breve descrición ou resumo das actuacións que se van realizar no obxecto/servizo segundo o proxecto de execución.
- No número 4.4. farase constar o destino ulterior a que vai ser dedicado o obxecto/servizo, despois de rematadas as actuacións previstas no proxecto.
- No número 4.5. recollerase se se xunta proxecto técnico básico.
- No número 4.6. indicarse a documentación acreditativa da titularidade, dispoñibilidade ou cesión para uso público que se xunta.
- No número 4.7. reflectirase se o obxecto é un ben catalogado; de ser a resposta afirmativa, farase constar a achega das correspondentes autorizacións de conformidade coa lexislación aplicable.
- No número 4.8. recollerase se as actuacións necesitan doutras autorizacións administrativas; de ser a resposta afirmativa, farase constar a achega das correspondentes autorizacións de conformidade coa lexislación aplicable ou a certificación de non-necesidade.
- No número 4.9. incluírase unha memoria descritiva e detallada de todas as actuacións que realizarán os alumnos-traballadores de acordo coas especialidades solicitadas. As devanditas actuacións estarán referidas unicamente ao obxecto de actuación a que alude cada un dos puntos 4.

A devandita memoria poderá ser ampliada en cantas follas sexan necesarias, tendo en consideración que o traballo real é un aspecto esencial para a formación e adquisición de experiencia e, polo tanto, requisito imprescindible para a aprobación do proxecto.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO III - O
(Continuación)

4.1. Denominación da actuación/servizo:

4.2. Localización do obxecto/servizo:

4.3. Breve descrición:

4.4. Destino previsto da obra / servizo:

4.5. Proxecto técnico básico (obras):

NON NECESARIO ACHÉGASE

4.6. Acreditación da titularidade, dispoñibilidade ou cesión, se é o caso:

NON NECESARIO ACHÉGASE

4.7. Ben catalogado:

NON SI. Achégase autorización da:

4.8. Outras autorizacións administrativas:

NON NECESARIAS. Achégase certificación nese sentido.

SI. Achéganse autorizacións de:

4.9. Memoria descritiva e detallada das actuacións:



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE TRABALLO
 E BENESTAR

ANEXO III - O
 (Continuación)

5. PLAN DE FORMACIÓN

O plan de formación incluírá todos os coñecementos, destrezas e experiencias que se lle pretendan transmitir ao alumno-traballador: cualificación profesional; prevención de riscos laborais; información e orientación profesional; formación empresarial; sensibilización ambiental; sensibilización en igualdade de xénero; alfabetización informática; formación compensatoria, se é caso, así como calquera outra actividade de índole similar.

Na confección do plan de formación deberán seguirse as indicacións seguintes:

- a) O número 5.1 que aparece a seguir cubrirase coa desagregación das especialidades que se vaian impartir, a súa duración, datas previsibles de inicio e de remate, número de alumnos-traballadores previstos para cada especialidade, así como a formación complementaria que se prevé impartir.
- b) No número 5.2, para cada especialidade, deberá sinalarse o itinerario de módulos que a integran, adecuando a súa secuencia ás necesidades da obra ou servizo que se deba realizar.
- c) No número 5.3 detallarase, para cada un dos módulos formativos citados antes, ademais da súa denominación, a duración en horas que se pretende dedicar aos obxectivos que se pretenden alcanzar coa súa impartición, a lista de coñecementos teóricos e prácticos que o integran e a relación de cada un deles coa unidade de obra ou servizo ou o produto que, en paralelo, se vaia executar.
- d) No número 5.4 indícanse as accións de formación complementaria que se prevén impartir.

Para a confección do plan de formación aconséllase consultar os programas formativos, por familias profesionais, que están á súa disposición nas xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

Para facilitar a información laboral, formación empresarial, autoemprego, alfabetización informática, sensibilización ambiental, sensibilización en igualdade de xénero e seguridade e saúde laboral no traballo é conveniente a utilización, se é o caso, dos medios didácticos deseñados especificamente para os programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.

5.1. DESCRIPCIÓN DO PLAN DE FORMACIÓN:

O plan de formación ocupacional componse das especialidades que se relacionan máis abaixo, para cada fase:

Formación ocupacional

CÓDIGO	ESPECIALIDADE	DATAS PREVISTAS		Nº DE ALUMNOS- TRABALLADORES	DURACIÓN EN HORAS	
		INICIAL	FINAL		TEÓRICAS	PRÁCTICAS
TOTAL						





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO III - O
(Continuación)

5.2. ITINERARIOS FORMATIVOS MODULARES:

ESPECIALIDADE

MÓDULOS

ESPECIALIDADE

MÓDULOS

ESPECIALIDADE

MÓDULOS

5.3. MÓDULO:

FAMILIA PROFESIONAL

ESPECIALIDADE

MÓDULO

CÓDIGO

HORAS

OBXECTIVO

COÑECEMENTOS TEÓRICO-PRÁCTICOS

UNIDADES DE OBRAS / RESULTADOS / SERVIZOS / PRODUTOS

FAMILIA PROFESIONAL

ESPECIALIDADE

MÓDULO

CÓDIGO

HORAS

OBXECTIVO

COÑECEMENTOS TEÓRICO-PRÁCTICOS

UNIDADES DE OBRAS / RESULTADOS / SERVIZOS / PRODUTOS

5.4. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA:

ACCIÓN FORMATIVA

DURACIÓN (HORAS)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO III - O
(Continuación)

6. ORZAMENTO E FINANCIAMENTO
6.1. ORZAMENTO DE GASTOS

CONCEPTO	FASE
A) Contratación persoal directivo, docente e de apoio:	
- Soldos e salarios:	
Director	
Persoal docente	
Persoal administrativo	
Outros	
TOTAL	
- Cota patronal Seg. Social:	
Director	
Persoal docente	
Persoal administrativo	
Outros	
TOTAL	
TOTAL A)	
B) Contratación alumnos-traballadores:	
Soldos e salarios	
Cota patronal Seg. social	
TOTAL B)	
C) Gastos de funcionamento e xestión:	
Medios didácticos	
Material de consumo-formación	
Material de oficina	
Gastos xerais (comunicacións, transportes, etc.)	
Amortizacións ⁽¹⁾	
Póliza de responsabilidade civil	
Outros	
TOTAL C)	
TOTAL XERAL	

⁽¹⁾ Para efectuar o cálculo das amortizacións deberase cubrir o cadro 6.2.

6.2. RELACIÓN VALORADA DE BENS AMORTIZABLES QUE ACHEGA A ENTIDADE PROMOTORA:

CONCEPTO	PERÍODO DE AMORTIZACIÓN (ANOS)	COEFICIENTE APLICADO ⁽¹⁾	DATA 1ª ADQUISICIÓN	VALOR DE ADQUISICIÓN ⁽²⁾

⁽¹⁾ Segundo táboas anuais de coeficientes de amortización.

⁽²⁾ Xustificar con factura de adquisición.

- Se o necesita, continúe en follas adicionais.

